

A cultura e a política galegas despíden ao escritor Manuel María

O cadaleito do poeta, que finou a noite do mércores na Coruña, foi depositado no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago.

Axencias.Santiago

Recoñecidos escritores, políticos nacionalistas, representantes do mundo da cultura galega, familiares e amigos renderon onte homenaxe a Manuel María, poeta e membro da Real Academia Galega (RAG), ante o cadaleito do escritor depositado no Panteón de Galegos Ilustres, en Santiago de Compostela. O féretro do escritor, falecido na madrugada do xoves no hospital coruñés Abente y Lago, foi trasladado onte pola mañá ata a Igrexa de



Representantes políticos e da cultura, fronte ao cadaleito. / tucho valdés

SERVICIOS



Enviar esta página



Imprimir esta página



Contactar

[Anterior](#)

[Volver](#)

[Siguiente](#)

Multimedia



Imágenes

San Domingos de Bonaval, onde se atopa o Panteón de Galegos Ilustres, emprazamento elixido para o velorio do corpo de Manuel María ata o seu traslado, hoxe, a Outeiro de Rei (Lugo) para o seu funeral e enterro.

O cadaleito cos restos mortais de Manuel María, que chegaron ao Museo do Pobo Galego ás 13.20 horas, foi trasladado polo portavoz da familia, Alberte Ansede; o secretario da Asociación de escritores en lingua galega, Carlos Negro; o presidente da Asociación de Actores, Candido Pazó; e o presidente da sociación sociopedagóxica galega, Xoán Costa, ata o interior do Panteón dos Galegos Ilustres, onde os máis íntimos quixeron dicir unhas últimas palabras de adeus ao falecido.

Estas palabras chegaron da man de Alberte Ansede, nomeado portavoz da familia, que asegurou que a Manuel María lle tería gustado ser velado alí, rodeado dos restos de galegos tan ilustres como Rosalía de Castro e Castelao. Momentos antes da chegada do cadaleito, Ansede sinalara que co falecemento deste escritor "vaise a personalidade galega máis sobranceira da contemporaneidade" en Galicia que "tanto contribuíu á difusión da cultura, da literatura e da historia galegas".

Ansedo, quen eloxiou a Manuel María e dixo del que "reunía na súa persoa unhas calidades dificilmente repetibles", lembrou que era unha persoa "sempre democrata e accesible, atento á sensibilidade e problemas dos demais" e un "mestre que multiplicou o seu maxisterio por todos os lugares de Galicia".

O traslado do féretro ata o lugar do velorio estivo rodeado de profundas mostras de dor das personalidades do mundo da cultura, a política e a sociedade galega que se trasladaron ata o lugar para acompañar á súa viuva, Saleta Goy, e amigos íntimos nestes momentos de loito.

O portavoz nacional do BNG, Anxo Quintana, mostrou o seu pesar porque con Manuel María "morreu un anaco da mellor Galicia". No mesmo sentido foron as palabras de eloxio do presidente do Consello Nacional do BNG, Xosé Manuel Beiras.

Tamén o alcade de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, lembrou a Manuel María como "expresión comprometida do pobo galego". Escritores como Bernardino Graña, Rosa Aneiros ou Carlos Negro; académicos; o presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo; e numerosos deputados e cargos electos do BNG acudiron á capela ardente para amosar a súa "profunda dor" pola morte deste "grande escritor e home".